

## VOCABULARIO BLOQUE I (s.XVI-XVII)

**Converso.-** Xudeu convertido ao cristianismo. O crecente antisemitismo popular na **baixa Idade Media** e as periódicas matanzas (**progroms**) de xudeos fixo que moitos deles se convertiran ao cristianismo. Estes «cristianos nuevos», como se denominaba aos xudeos bautizados, raramente accedían ao cristianismo libremente: a maioría das veces víronse forzados a elo, xa para salvar a vida, xa por presións exteriores que penaban as súas condicións de existencia (bula do papa **Benedicto XIII** en **1415**), ou simplemente por aforro monetario, ao deixar de contribuir aos gastos da súa antiga alxama. Moitos conversos foron acusados de manter en segredo a súa fe (**xudaizantes**) e de enriquecerse a costa do resto da poboación polas súas actividades financeiras (préstamos con usura). Foron perseguidos polo **tribunal da Inquisición** dende o século **XVI**.

**Gran Armada (Armada Invencible).-** Escuadra española enviada por **Filipe II**, en 1588, a Inglaterra para invadila, restaurar o catolicismo e derrocar á raiña protestante **Sabela I Tudor**. Estaba formada por mais de 130 navíos e uns 25.000 homes. O seu xefe supremo foi o **duque de Medina Sidonia**. Partiu do porto de **Lisboa**, e tras recalar ana **Coruña**, arribou ao **Canal da Mancha** onde debía encontrarse e embarcar aos **Terzos de Flandres**. Foi vencida nos combates coa flota inglesa que tiña barcos mais modernos, veloces e con mais potencia artilleira. Despois da súa derrota, as tempestades acabaron de destrozar gran parte dela. Os supervivintes da Armada vironse obrigados a navegar arredor das illas británicas para escapar. Aos portos españois chegaron 66 buques con uns 10.000 homes. Tras a derrota, os ingleses denominárona sarcasticamente como *a armada invencible*.

**Mourisco.-** Poboación musulmá que se convertiu ao cristianismo pola forza para permanecer nos reinos hispánicos. Esta conversión produciuse en 1502 en Castela, en 1518 en Aragón e en 1526 en Valencia, pero seguiron mantendo a súa lingua, costumes e vestimenta. Os temores dos monarcas, que os considedaron espías dos turcos e berberiscos, fixeron que fosen expulsados do reino de Granada despois da súa rebelión en 1570 (reinado de **Filipe II**) e de Aragón e Valencia en 1609 (reinado de **Filipe III**). Foron numerosos no Reino de Aragón e no de Valencia. Na Coroa de Castela, o seu número é mais difícil de determinar, pois estaban altamente integrados na sociedade e perderan moitos dos seus rasgos diferenciadores. A súa expulsión do reino foi decretada a principios do século XVII, e o esforzo por facelo durou varios anos. Mentras que na Coroa de Aragón a súa expulsión foi implacable e recibiu o apoio da comunidade cristiá, en Castela houbo unha grande resistencia entre a poboación e as autoridades, polo que foi pouco efectiva e houbo gran número de retornados. En Castela a expulsión centrouse sobre todo nos granadinos espallados polo reino, que estaban menos integrados e estaban vinculados á rebelión das Alpujarras.

**Terzos.-** Unidade militar española de infantería creada por **Carlos I** no século XVI aínda que a súa organización xa fora perfilada polos **Reis Católicos**. Estaba formada por compañías de piqueiros, mosqueteiros e arcabuceiros. A súa eficacia baseábase no emprego conxunto destas armas. Eran tropas profesionais formadas por soldados voluntarios e de recrutamento, supuxeron un avance fundamental no proceso de modernización dos exércitos europeos e constituiron durante o século XVI e XVII a élite da infantería europea. Destacaron pola súa eficacia e fama os **Terzos de Flandres** (“A rendición de Breda” de Velázquez).

**Unión de Armas.-** Foi un proxecto político elaborado polo **conde-duque de Olivares**, valido de **Filipe IV**, en **1625** no que, ademáis de garantir a hexemonía e supremacía da **Monarquía Hispánica** en Europa, establecía un reparto da carga militar e fiscal entre todos os reinos hispánicos que ata entón so recaía no reino de Castela. Este proxecto establecía a creación dun exército permanente de **140.000 homes** repartidos entre os distintos reinos en función da súa poboación e riqueza; tamén tiña unha importante dimensión política, pois implicaba modificar o modelo político da monarquía dos Austrias no sentido de reforzar a autoridade do rei e facilitar a progresiva uniformización política dos diferentes territorios que a compoñían. Isto orixinou protestas e sublevacións nos distintos territorios a partir de 1640: Portugal, Cataluña...

**Valido.-** O valido foi unha figura política propia do Antigo Réximen na Monarquía Hispánica, que alcanzou a súa plenitude baixo os chamados **Austrias menores** no século XVII. Non pode considerarse como unha institución, xa que en ningún momento se tratou dun cargo oficial, posto que únicamente servía ao rei mentras éste tiña confianza na persoa escollida. Non foi algo exclusivo de España, sendo similar o exercicio do poder polos cardenais **Richelieu** e **Mazarino** no Reino de Francia e por **Cecil** e **Buckingham** no Reino de Inglaterra. Podía ser un **Secretario Real** ao que o soberano outorgaba a súa confianza, ata o punto de entregarlle a dirección do goberno do reino. En España esta privanza iniciouse na baixa Idade Media e xeneralizouse no século XVII, cando os monarcas da dinastía dos Habsburgo abandonaron o exercicio directo do poder. Destacan o **duque de Lerma**, valido de **Filipe III**, e o **conde-duque de Olivares**, valido de **Filipe IV**.

**Xuntas do Reino de Galicia.-** Organismo intermediario entre o **reino de Galicia** e a **Coroa** encargado de xestionar e pór en marcha as decisións da monarquía hispánica e tamén de presentar ao rei as demandas da sociedade galega, principalmente a das élites urbanas. Tiñan capacidade para conceder diñeiros ao monarca, ordenar levas militares, distribuír cargas fiscais e aconsellar ao rei. Creáronse no século **XVI**, estaban presididas polo **Gobernador** e **Capitán Xeneral de Galicia** e, desde 1528, eran a representación do reino de Galicia. Eran convocadas polo rei. Estaban integradas polos deputados das cidades capitais das sete provincias galegas (Santiago, Lugo, Ourense, A Coruña, Betanzos, Mondoñedo e Tui). Unha das súas principais reivindicacións foi a concesión a Galicia de voto nas Cortes de Castela, que obtiveron durante o reinado de **Filipe IV** (1623).